



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Maio 2019

REHABILITACIÓN

Santiago participa nun proxecto europeo para reactivar as Cidades Patrimonio da Área Atlántica

O Consorcio de Santiago participa no proxecto europeo AtlaS-WH, destinado a crear un modelo de gobernanza e sostibilidade común para as cidades Patrimonio da Humanidade da Área Atlántica, co fin de reactivalas. O labor de Santiago céntrase en detectar os desafíos comúns aos que se enfrontan as cidades participantes como o turismo, a perda de poboación, o cambio climático ou a eficiencia enerxética.

Acaba de celebrarse unha xuntanza de socios en Porto, á que asistiu a xerente do Consorcio, Belén Hernández, e a arquitecta da Oficina Técnica Idoia Camiruaga, coordinadora do proxecto por parte de Santiago.



EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido acolle unha exposición de debuxos da cidade de Santiago realizados por Andrés Freire

A Casa do Cabido acolle a exposición "*Compostela monumental*", que reúne 36 debuxos da cidade histórica de Santiago realizados polo militar Andrés Freire Conde, artista autodidacta que comeza a debuxar e a pintar dende moi novo e aos seus 91 anos segue a manter a súa paixón pola pintura. As obras, feitas con Flomaster, buscan, a través da simplicidade, "producir emoción". A mostra permanecerá ata o vindeiro mes de xullo.

O legado de Maside xa está exposto ao público

O espazo da Universidade de Santiago coñecido como Comedor do Pazo de Fonseca xa acolle a exposición das 21 pezas que conforman o Legado Maside, adquiridas polo Consorcio de Santiago coa colaboración da Deputación da Coruña, cumprindo así o desexo do pintor de que a súa obra estivera en Compostela. Estas pezas foron escollidas polo propio artista como o seu "testamento pictórico". Son 13 óleos sobre lenzo, un pastel, tres gouache e catro debuxos a lapis.



MÚSICA

Concerto conxunto da Real Filharmonía de Galicia e a EAEM

O 6 de xuño o Auditorio de Galicia acollerá o concerto de fin de curso dos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais coa Real Filharmonía de Galicia. A batuta levaraa o mestre Maximino Zumalave, director asociado da Escola e da RFG. Os xoves músicos, seleccionados polo seu nivel de excelencia, interpretarán como solistas obras de Haydn, Mozart, Rossini e Vivaldi. A entrada é libre ata completar o aforo.

No marco das Xornadas de Música Contemporánea, Paul Daniel dirixirá o 13 de xuño un programa que inclúe a estrea da *Suite sinfónica nº 1* do compositor galego Eduardo Soutullo. Ademais, soarán por primeira vez en España as *Danzas sinfónicas* de Fazil Say.



Concertos no Paraninfo da USC

A Escola de Altos Estudos Musicais pecha en xuño o seu ciclo de concertos "A Escola na Cidade". Como colofón dos seus estudos, os alumnos do curso de posgrao do centro protagonizarán varias actuacións no Paraninfo da Universidade de Santiago. Serán os días 3, 10, 11 e 12 ás 20:30 horas. As entradas destes concertos son gratuítas ata completar o aforo.

